

Á atención dos centros educativos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia.

Bo día:

Dirixímonos a vostedes dende a Asociación Galega de Mestres de Audición e Linguaxe (AGMAL) para pedirles a súa colaboración nesta solicitude que queremos enviar á Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

Son moitos os centros e profesionais que se poñen en contacto con nós para achegarnos o seu sentir fronte a escaseza de recursos persoais, en concreto de Mestres/as especialistas en Audición e Linguaxe xa que, en moitos casos, están compartidos ou son insuficientes para atender ao alumnado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo (NEAE) e, por iso, queremos recoller esta información e entregala de forma conxunta por rexistro á atención da Consellería de Cultura, Educación e Universidade. Precisamos máis recursos para que a inclusión sexa unha realidade nos nosos centros.

Nas páxinas seguintes achegamos un documento para recoller estes datos e sumarse á nosa reivindicación. Precisamos que, se estades de acordo coa nosa petición, o cumprimentedes antes do 21 de maio e nolo enviades a [agmal.secretaria@gmail.com](mailto:agmal.secretaria@gmail.com) para que así poidamos presentalos por rexistro todos xuntos antes de rematar o mes de maio. Cando teñamos notificación da Consellería, compartiremos con vós a súa resposta. Tamén enviaremos unha nota de prensa, sen dar datos específicos nin nomes dos centros, para darlle voz á realidade que vivimos nas escolas.

Precisamos da vosa colaboración. Para calquera dúbida estamos a vosa disposición.

Un saúdo.





Á atención da Consellería de Cultura, Educación e Universidade:

Dende o centro educativo \_\_\_\_\_  
localizado na provincia de \_\_\_\_\_ queremos deixar constancia dos datos que  
expoñemos a continuación.

Este curso escolar 2020/2021 temos no noso claustro docente os/as seguintes  
mestres/as de Audición e Linguaxe:

- Forman parte do noso claustro \_\_\_\_\_ mestres/as de AL dos cales \_\_\_\_\_ son  
compartidos con outros centros.
- Nos últimos 5 anos perdemos \_\_\_\_\_ mestres/as de AL no noso centro.
- Non temos mestre/a Audición e Linguaxe.

Recollemos a continuación o número de alumnado con Necesidades  
Específicas de Apoio Educativo (NEAE) susceptible de recibir intervención específica  
pola súa parte, tanto o alumnado que o recibe coma o que o precisa pero non o recibe  
por falta de recursos persoais, tomando como referencia a definición que estipula a Lei  
Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3  
de maio, de Educación:

<b>ALUMNADO CON NEAE SUSCEPTIBLE DE RECIBIR APOIO POR PARTE DO/A MESTRE/A ESPECIALISTA EN AL*</b>	
<b>NECESIDADE</b>	<b>Nº ALUMNADO</b>
Necesidades Educativas Especiais (NEE)	
Retraso Madurativo	
Trastorno do Desenvolvemento da Linguaxe e a Comunicación	
Trastorno de Atención ou de Aprendizaxe	
Descoñecemento Grave da Lingua de Aprendizaxe	
Atoparse en Situación de Vulnerabilidade Socioeducativa	
Altas Capacidades Intelectuais	
Incorporación Tardía ao Sistema Educativo	
Condicións Persoais ou de Historia Escolar	
Outro alumnado:	

\*Engadir a cada alumno nunha soa necesidade



## EXPOÑEMOS

Que o número total de alumnado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo susceptible de recibir intervención específica por parte do/a especialista en Audición e Linguaxe é de \_\_\_\_\_ alumnos/as e o noso centro conta con \_\_\_\_\_ especialistas de Audición e Linguaxe.

## SOLICITAMOS

Un aumento do número de mestres/as especialistas en Audición e Linguaxe para poder atender axeitadamente a todo o alumnado que o requira, xa que son os docentes especializados en dar unha resposta educativa de calidade ao alumnado con necesidades derivadas das dificultades da comunicación, linguaxe, audición e fala.

Atentamente:

Atentamente:

Atentamente:

Mestre/a de AL

Xefe/a do D. de Orientación

Director/a

D./D<sup>a</sup>

D./D<sup>a</sup>

D./D<sup>a</sup>

En \_\_\_\_\_, a \_\_\_\_\_ de maio do 2021.

**AVISO SOBRE CONFIDENCIALIDADE:** Este documento dirixese exclusivamente ao seu destinatario. Pode conter información confidencial sometida a secreto profesional e a súa divulgación está prohibida en virtude da lexislación vixente, infórmase que se non é vostede o destinatario ou a persoa autorizada polo mesmo, que a información contida nesta mensaxe é reservada e a súa utilización ou divulgación con calquera fin está prohibida. Se recibiu este documento por erro, rogámoslle que nolo comunique por teléfono, ou e-mail e proceda á súa destrución. No envío de e-mail non se pode garantir a seguridade xa que esta información pode ser modificada, interceptada ou incompleta. O remitente non acepta responsabilidade polos erros ou omisións no contido ou anexos deste e-mail.

Os asinantes do presente documento garantirán o cumprimento do establecido no REGULAMENTO (UE) 2016/679 DO PARLAMENTO EUROPEO E DO CONSELLO do 27 de abril de 2016, asumindo as obrigacións e responsabilidades que se derivan da mesma e da subscrición do presente documento.

Todos os datos de carácter persoal que se comuniquen por razón do obxecto neste documento terán carácter confidencial e serán utilizados exclusivamente para propósito de leste, sen que se poidan aplicar a un fin distinto, nin tampouco comunicalos, nin sequera para a súa mera conservación, a outras persoas.

Os datos persoais serán tratados de tal maneira que se garanta unha seguridade adecuada dos datos persoais, incluída a protección contra o tratamento non autorizado ou ilícito e contra a súa perda, destrución ou dano accidental, mediante a aplicación de medidas técnicas ou organizativas apropiadas ("integridade e confidencialidade").

AGMAL (Asociación galega de Mestres de audición e linguaxe) con CIF: G70537139 e domicilio na rúa Vázquez de Parga 156 4º H CARBALLO-A Coruña